

PIA AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN CHUAC

EAE SIMPLIFICADA

PROMOTOR: CONSELLERÍA DE SANIDADE

ÓRGANO SUBSTANTIVO: AXI

EXPEDIENTE: 2022AAE2704

CÓDIGO: 2527/2022

CONSULTAS PÚBLICAS

ALEGACIONES

**DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E  
CAMBIO CLIMÁTICO**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

D./DNA. \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_, con domicilio en

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

na súa condición de persoa afectada polo Proxecto de Interese Autonómico (PIA) de ampliación e renovación do “novo” complexo hospitalario universitario da Coruña (CHUAC), obxecto do procedemento de avaliación ambiental estratéxica (EAE),

**EXPÓN**

I. Que, con data 13.07.2022, esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático recibiu da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) o documento inicial estratéxico xunto co borrador do PIA de ampliación e renovación CHUAC, solicitando o inicio do procedemento **de EAE simplificada** do instrumento de ordenación do territorio na tramitación, someténdoo ó trámite de consultas públicas, mediante a publicación no portal web do órgano

ambiental, de conformidade co establecido nos arts. 35.3 da Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (Lei 9/2021), 19 da Lei 21/2013, de Avaliación Ambiental (LEA) e 55.2 da Lei 1/2021, de ordenación do territorio de Galicia (LOTG).

II. Ademais de que o PIA de ampliación e renovación do CHUAC debe ser sometido ó procedemento de EAE ordinaria, de conformidade co disposto no art. 22.1.d) LOTG, o borrador do PIA obxecto de consultas públicas contén unha ordenación arbitraria e extremadamente lesiva para o interese xeneral e da veciñanza de Eirís afectada polo Proyecto; por isto, resólvese formular as seguintes

## **ALEGACIÓNS**

### **PRIMEIRA. O PIA DE AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DO CHUAC DEBE SER OBXECTO DE AVALIACIÓN ESTRATÉXICA ORDINARIA.**

O art. 22.1.d) LOTG obriga a que sexan obxecto de avaliación ambiental estratéxica ***ordinaria*** os proxectos de interese autonómico que requiran unha avaliación por establecer o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental, nos termos previstos no art. 6.1.a) LEA.

Non debera haber dúbidas, dada a envergadura do proxecto, transcendencia económica, afectación á rede viaria, así como la superficie afectada polo cambio de uso do chan urbano consolidado residencial (vivendas e actividades da veciñanza afectada), que proxecto de obras de ampliación e renovación do “novo” CHUAC que resulta da ordenación proposta polo PIA deberá ser sometido a avaliación de impacto ambiental ordinaria, de acordo cos criterios establecidos no Anexo I da LEA.

### **SEGUNDA. ALTERNATIVAS DO EMPRAZAMENTO DO “NOVO” CHUAC.**

O apartado 4.1 do Borrador do PIA debera abordar a xustificación da ubicación do enclave hospitalario. Sin embargo, non formula alternativas nin outras hipóteses que a da ampliación do actual hospital, como expresamente recoñece no documento ó sinalar de literalmente ***«A única opción que a administración sanitaria baralla é a de renovar e ampliar o actual hospital, aproveitando o invertido nos derradeiros anos no proceso de modernización continuo ao abeiro do Plan Director. Polo tanto, o que agora se***

*plantexa é unha ampliación considerable de superficie hospitalaria (superior á existente), que garanta un maior estándar de calidade e permita minimizar a dispersión hospitalaria, clausurando o Hospital Teresa Herrera e trasladando as especialidades do edificio do Ventorrillo ao enclave de As Xubias (HUAC).»*

Baixo semellantes premisas, nas que non se formula ningunha outra opción de emprazamento do “novo” centro hospitalario, dificilmente pódese dicir que o PIA é obxecto de EAE, ó non existir o estudo ou avaliación de outras alternativas na localización do proxecto do hospital ó que vai dirixido o PIA obxecto de consultas públicas.

A premisa da que parte o PIA, veda calquera posibilidade de análise de alternativas e así recoñecese sen rubor no borrador obxecto de exposición pública. É máis, nin tan sequer recollen os motivos que levaron á administración para descartar outras alternativas razoables, técnica e medioambientalmente viables de localización do CHUAC.

Obviamente, semellante decisión ó carecer da mínima xustificación incorre en arbitrariedade e impide o obxectivo e finalidade que debера ter o procedemento de EAE como é a de explicar o motivo da selección da única alternativa de ubicación contemplada.

Non se pode esquecer que, de conformidade co art. 1.1.b) LEA, o obxecto e finalidade da avaliación ambiental é permitir a análise e a selección das alternativas que resulten medioambientalmente viables dos proxectos, plans ou programas para que se eviten ou minoren na medida do posible os efectos significativos sobre o medioambiente.

Se non existen ou se formulan outras alternativas ó emprazamento do equipamento hospitalario dificilmente se pode analizar outras alternativas con menos efectos sobre o medioambiente e a integración paisaxística. Realmente non existe avaliación ambiental, xa que a previa e arbitraria decisión sobre o emprazamento baleira de contido el procedemento de EAE.

Por isto, entendemos que a ausencia absoluta dunha xustificación mínima que explique as razóns para non formular alternativas de emprazamento, nin tampouco

os criterios seguidos para elixir como ubicación do proxecto o emprazamento actual do CHUAC, sin que se analicen dende un punto de vista ambiental e paisaxístico outras opcións, infrinxe a LEA e é arbitrario coa infracción do art. 35 LPAC.

### **TERCEIRA. A NULA INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DO PROYECTO.**

Certamente, en liña co sinalado na anterior alegación, se o propio documento sometido a EAE non formula alternativas de localización, é imposible analizar outras opcións impedíndose a selección que resulte ambientalmente viable, como exige a normativa medioambiental.

Dito isto, o documento **ANEXO “ESTUDO DE PAISAXE E INTEGRACIÓN”** limitase a analizar a paisaxe afectado polo PIA e establecer medidas para a súa integración, pero aceptando como premisa de partida incuestionable a súa ubicación no emprazamento actual. Non se analizan outras alternativas con mellor integración paisaxística e menos efectos significativos sobre o medioambiente.

Ó realizar a análise de visibilidade do proxectoponse de manifesto que o ámbito de emprazamento elixido sen opción alternativa presenta unha considerable exposición visual segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia.

Ó contemplarse de xeito arbitraria como única alternativa de localización do proxecto do complexo hospitalario, elíxese a ampliación de pantallas arquitectónicas e a acumulación de volumes nun espazo elevado sobre o litoral, situado na zona de influencia á que fai referencia o art. 30 da Lei 22/1988, de Costas.

Coa elección inustificada da ampliación do CHUAC, ademais de infrinxirse as normas de adaptación ó ambiente establecidas no art. 91.b) da lei 2/2016, do chan de Galicia; incúmrese a prohibición establecida no art. 30.1.b) da Lei de Costas de acumulación de volumes nos espazos situados a menos de 500 metros do límite interior da ribeira do mar, como é o caso do emprazamento elixido.

O mesmo estudio de integración paisaxística do PIA recoñece, ó reflectir a conca visual do proxecto, que os volumes resultantes da ampliación podense ver na maior parte da cidade da Coruña e en toda a zona occidental do Concello de Oleiros, ademais de nos concellos de Cambre e Culleredo, é dicir, en toda a ría do Burgo

En definitiva, a alta visibilidade, a acumulación de volumes e pantallas arquitectónicas na zona de influencia de costas, e a nula integración paisaxística da única alternativa analizada, debera obrigar a buscar outra alternativa de emprazamento; e así debera ser informado polo Instituto de Estudos do Territorio no informe vinculante dacordo co POL.

#### **CUARTA. A ARBITRARIEDAD DE NON FORMULAR OUTRA ALTERNATIVA DE LOCALIZACIÓN DO CENTRO HOSPITALARIO**

Como xa consta máis arriba, o PIA parte dunha premisa fraudulenta, como é a de non examinar outras opcións de ubicación do proxecto que o emprazamento actual.

Existen, cando menos, dous procedementos xudiciais contra a decisión do Director Xeral de Asistencia Sanitaria do SERGAS de elixir como escenario para a ampliación do CHUAC a ubicación actual das instalacións, renunciando á execución dun novo hospital na Coruña, a diferenza do sucedido recentemente en Lugo, Santiago de Compostela e Vigo.

Sen prexuízo da tramitación xudicial sobre tal elección, convén neste intre recordar que non existe ningún documento ou análise técnico que teña xustificado a elección do SERGAS de construír o novo CHUAC nos terreos adxacentes ó existente. Non se teñen mostrado as razóns económicas, xurídicas, sociais, técnicas (mobilidade, accesos, etc.) que puideran motivar que o CHUAC teña que ocupar os terreos nos que se localizan dúcias de vivendas. Por tanto, ignorase se a elección do emprazamento é a idónea, a máis axustada a Dereito e ós interese xerais, xa que non existe ningún estudo que a avale.

Sobre esta arbitrariedade, a administración na súa fuxida cara adiante, volve omitir calquera análise de outras alternativas de emprazamento no procedemento de EAE.

Hai que recordar que o Plan de Espazos para o CHUAC elaborado por GESMÉDICA sinalaba dous posibles escenarios (nunca se barallou a opción de emprazamento fora do municipio da Coruña, a pesar de que a maior parte da poboación potencialmente usuaria da área sanitaria reside fora do Concello da Coruña). Literalmente dicíase:

«Puesto que durante el transcurso de los trabajos de planificación (Redacción del Plan Funcional y Espacios) el tipo de intervención a realizar en cuanto a su ubicación y tipología no se encuentra definido, se ha realizado una aproximación general a los dos escenarios posibles:

- **Escenario 1:** Construcción del Nuevo Hospital Universitario de A Coruña en una **nueva ubicación** manteniendo actividad de los centros periféricos. Con una superficie total de **238.650 m<sup>2</sup>** que corresponden con la superficie necesaria de intervención.
- **Escenario 2:** Construcción del Nuevo Hospital Universitario de a Coruña en la **ubicación actual** manteniendo actividad de los centros periféricos. Con una superficie total de **224.500 m<sup>2</sup>** (nótese inferior al escenario 1 derivada del aprovechamiento de áreas actuales ya construidas que siendo correctas no cumplen con los estándares expresados en el presente plan de espacios) de los cuales:
  - ✓ **≈60.000 m<sup>2</sup>** se estiman que serán aprovechables en el edificio actual derivados de la continuidad de la actividad que se realiza en ellos o cambios de uso a actividades compatibles que únicamente impliquen adaptaciones menores.
  - ✓ **≈25.000 m<sup>2</sup>** se estiman que será necesario reformar para nuevos usos que impliquen adaptaciones mayores.
  - ✓ **≈10.000 m<sup>2</sup>** se estiman que serán necesarios demoler para establecer una conexión adecuada de la edificación actual con la nueva edificación sin que implique recorridos complejos.
  - ✓ **≈139.500 m<sup>2</sup>** de nueva construcción.

En ambos casos las superficies necesarias para el área de docencia e investigación deberían posicionarse en un pabellón/edificación específica, conectada al hospital, pero situada de tal manera que permita su ejecución como una parte separada del conjunto.

Las superficies útiles reflejadas como necesarias en el detalle del programa de locales y superficies hacen referencia a la teórica construcción del Nuevo Hospital Universitario de A Coruña sin limitaciones, por tanto, asimilables al escenario 1. Si se optase por la ejecución del escenario 2 dichas superficies serán de aplicación directa en la nueva construcción mientras que las áreas que por su planteamiento se vayan a mantener dentro de la estructura existente del Hospital actual, mediante reforma o adaptación, se adaptarán a las posibilidades de los espacios existentes admitiéndose una variabilidad justificada en la configuración de espacios con el fin de obtener un aprovechamiento más coste/eficiente, dando respuesta en todo caso al dimensionado básico del hospital reflejado en el plan funcional”.

El programa de locales y superficies de cada una de las áreas que componen el complejo reflejan pormenorizadamente los espacios necesarios para el desarrollo de la actividad teniendo en cuenta tanto las necesarias en el Hospital Universitario de A Coruña como el del resto de centros que componen el Complejo.

Complementariamente las dos últimas filas de cada ficha del programa de locales y superficies disponen de la superficie construida estimada que será necesario

*ocupar, por cada servicio teniendo en cuenta pasillos y zonas de paso internos, instalaciones y elementos constructivos, no incluyen en ningún caso las circulaciones generales del Hospital que se determinan a mayores hasta alcanzar la superficie construida total del Centro.*

*Las superficies anteriormente citadas no incluyen en ningún caso el área destinada a Helisuperficie, Aparcamiento y Urbanización.*

*Deben considerarse además las superficies asociadas a dispositivos de atención primaria y salud pública ADOS (Agencia de Donación de Órganos y Sangre) en el H.U. A Coruña y Centro de Salud y Screening de Mama en el Hospital Abente y Lago”.*

Neste documento non se propón a localización. Tampouco se indica que escenario se considera máis adecuado, nin se xustifican razoadamente os criterios que se deben valorar para optar por unha ou outra ubicación.

Tal arbitrariedade denunciada en sede xudicial veda a EAE do PIA, na medida en que segue sen xustificarse a localización elixida, sen dar lugar á análise de outras localizacións con menor impacto que permitan unha selección máis adecuada ós principios reitores da lexislación medioambiental.

#### **QUINTA. OUTRAS CONSIDERACIÓNS.**

- O Estudo Previo de Mobilidade Viaria no Entorno do CHUAC, elaborado pola consultora Proyfe en Setembro de 2019, contempla a necesidade de que o complexo hospitalario teña dous accesos ás vías de alta capacidade. Sin embargo, no Proxecto actual os accesos ó CHUAC realízanse por unha única vía de alta capacidade, na que nin tan sequera é posible realizar intervencións que incrementen o tráfico que pode soportar, o que inevitablemente afectará á mobilidade xeral nesa zona do concello e un deficiente funcionamento do equipamento sanitario.
- O PIA contempla a demolición do “edificio Sur” (destinado a lesionados medulares, informática, mantemento, etc), construído no ano 2006; o cambio de ubicación do heliporto do hospital e outras actuacións manifestamente antieconómicas, o que acredita que o suposto beneficio económico de ampliar o hospital no entorno do actual é unha ficción sin sustento real.

- O Estudo de Mobilidade recolle no apartado 10.3.2 que o Proxecto fomenta a mobilidade peonil e en bicicleta. Atendendo a que as pendentes dos viáis e percorridos de acceso permanentes acadan o 14% (o 20% os provisionais), semellante afirmación non resulta nin crible nin aceptable, xa que é difícil concibir unha localización menos idonea para a adecuada mobilidade no acceso a un equipamento hospitalario.

Neste sentido, sirva como exemplo do despropósito que supón a elección desta localización, o feito de que o Concello de Vigo está instalando ramplas mecánicas na rúa Gran Vía para facilitar o desprazamento peonil nunha vía con unha pendente do 10%.

Así mesmo, tampouco responde á realidade a afirmación que se realiza no citado Estudo de Mobilidade de que as liñas de autobuses existentes satisfán na actualidade a demanda dos e das usuarias do CHUAC.

- O vial previsto para a circunvalación do complexo hospitalario na súa linde co hospital San Rafael non ten suficiente capacidade para absorber o tráfico que xerará nese punto e, ademais, non será posible acometer a súa ampliación, o que xerará o colapso dos accesos.
- Máis de 3.350 persoas, usuarias do CHUAC y veciñanza da provincia da Coruña subscribiron un documento no que se opoñen á construción do equipamento hospitalario na actual ubicación e reclaman para A Coruña un hospital novo nunha localización máis adecuada e respectuosa co interese xeral.
- Non resulta admisible que as parcelas nas que está prevista a reubicación de algunhas das persoas afectadas se manteña un importante tubo de abastecemento de auga potable, que en todo caso debería discorrer por terreos de titularidade pública.

Por todo o exposto,

**SOLICITA**



Que se teña por presentado este escrito de alegacións, sírvase admitilo e, na súa virtude, tras os informes e trámites oportunos, ordene someter ó procedemento de avaliación ambiental ordinaria o PIA de ampliación e renovación do CHUAC, obrigando a examinar outras alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables de localización do novo CHUAC.

Na Coruña, a 31 de agosto de 2022

Asinado: \_\_\_\_\_